

PROGRAMA DE ACOLLIDA

2021 - 2022

CEIP “ O CASTIÑEIRO ”

O CASTIÑEIRO
CEIP DE LAZA

LAZA



**XUNTA
DE GALICIA**
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E
ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



O CASTIÑEIRO
CEIP DE LAZA



O CASTIÑEIRO
CEIP DE LAZA



O CASTIÑEIRO
CEIP DE LAZA

Este documento está elaborado en base ás **Instrucións do 30 de xullo 2020**, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, nas que se indica que, co fin de facilitar a incorporación do alumnado afectado pola suspensión da actividade lectivo presencial durante o curso 2019/2020, o equipo directivo elaborara un **Programa de acollida** que será presentado ao Consello Escolar do centro e que se desenvolvera nas dúas primeiras semanas do curso, coa organización de actividades globalizadas que informen, polo menos, dos seguintes aspectos:

- a) Novas normas de organización e funcionamento do centro.
- b) Actuacións de prevención, hixiene e protección.
- c) Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.
- d) Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.

O equipo directivo procedeu á súa elaboración e preséntao á comunidade educativa na data abaixo indicada para que se realicen as achegas previamente á celebración do Consello Escolar no que se tratará a súa aprobación.

Data de presentación ao Consello Escolar: 14-10-21

Índice

- a) Novas normas de organización-funcionamento

- b) Actuación de prevención , hixiene e protección

- c) Acci3ns formativas para mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de Ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial

- d) Atención 3s aspectos emocionais e sociais mediante a realizaci3n de actividades grupais de acollida e cohesi3n



A) NOVAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO.

O plan de adaptación á situación covid-19 implica unha serie de cambios e modificacións temporais nas Normas de Organización e Funcionamento do centro. Seguindo o Plan de Adaptación do CEIP Castiñeiro, achégase a seguinte organización e instrucións para a Comunidade Educativa.

1. ENTRADAS

1.1. Alumnos transportados.

De maneira que vaian chegando irán ás filas que estarán situadas da seguinte maneira:

- Infantil: pegada o cuarto da limpeza.
- Aula de 1º,2º,3º: O lado da porta do comedor.
- Aula de 4º,5,6º: O lado da porta da biblioteca.

1.2. Alumnos non transportados:

Chegarán sobre as 09:10h- 09:15h (na xornada continua) e 09:25h-09:30h (na xornada partida) . Para non estar tan tanto tempo nas filas e evitar aglomeracións.

Subirán en orde e con espazo de tempo entre os tres grupos.

Subirán na seguinte orde:

- 1º- A aula de 1º,2º,3º
- 2º- A aula de 4º,5º,6º
- 3º- Os de Infantil.

RECREOS

Os recreos faranse no patio exterior, se as **condicións climatolóxicas o permiten**. Distribuirase da seguinte maneira:

- Infantil: na parte dereita do patio, o carón do areeiro.

- 1º,2º,3º: na parte de arriba do patio, do lado esquerdo e un anaco da pista de fútbol.
- 4º,5º,6º: na parte de abaixo da pista de fútbol.

Se as condicións climatolóxicas non o permiten.

- Infantil: na metade do patio cuberto.
- 1º,2º,3º: na outra metade do patio cuberto.
- 4º,5º,6º: na primeira parte da biblioteca.

Instrucións xerais:

- Cada grupo estará vixiado mestre/a que lle corresponda segundo o turno. Habrá un mestre dentro do centro para controlar os baños.
- Irán subindo en orde con espazo suficiente para o lavado de mans e que non haxa aglomeracións entre os grupos.

1. BAIXADA Ó COMEDOR

- Infantil e 1º,2º,3º comerán no comedor. Os de Infantil baixarán ás 12:50h para ir organizando. Os de 1º,2º,3º baixarán as 12:55h.
- 4º,5º,6º : comerán na parte primeira da biblioteca e baixarán as 13:00h.

Sairán ordenadamente con espazo suficiente para o lavado de mans. Habrá mestres vixiando para que non haxa aglomeracións. Logo irán o patio (seguindo as instrucións detalladas dos recreos).

2. BAÑOS.

A utilización dos baños será da seguinte maneira:

Durante as clases:

- Baños da dereita das escaleiras: (en frente a Infantil): usarano os nenos e nenas de E. Infantil e as nenas de 1º,2º,3º e as de 4º,5º,6º.
- Baños da esquerda das escaleiras: usarano os nenos de toda Primaria.

Durante o recreo:

- Infantil: irán o baño dos pequenos
- Nenas 1º,2º,3º irán o baño de abaixo de nenas.
- Nenas e nenos de 4º,5º,6º, irán os baños do patio cuberto respectivamente.

Haberá un semáforo para controlas as entradas, e respectar o turno na entrada, sinalizada cun cartel.

INSTRUCCIÓNS XERAIS

- As familias non accederán ao recinto escolar, agás no caso de E. Infantil ou alumnado con NEE. Sempre con mascara posta correctamente.

- Grupos de Convivencia Estable, cuxos membros poden socializar e xogar entre si sen ter que manter a distancia interpersonal de forma estrita.

- Titorías coas familias. O uso de chamadas telefónicas, dende o teléfono do centro ou persoal, o envío de mensaxes de correo electrónico do centro , dun persoal creado a tal efecto, ou o envío de mensaxes por Abalar móbil.

- Este curso comezarse e realizaranse actividades e celebracións de centro mantendo as medidas hixiénicas.

REUNIÓN PRINCIPIO DE CURSO:

Para realizar unha correcta explicación sobre estas modificacións e desenvolvemento do plan de actuación, realizaranse antes do comezo de curso reunións por nivel coas familias.

Estas reunións terán lugar os vindeiros 6, 7, 8 09:30h , na biblioteca do colexio baixo as seguintes normas de seguridade:

- Un único asistente por alumno/a.
- Separación entre cadeiras dun mínimo de 1,5m
- Obrigatorio o uso de máscara entre os asistentes.
- Non poden asistir alumnos do centro

No primeiro día de clase, o alumnado estará unicamente co seu titor/a, que será o encargado/a de informar das novas normas de organización e funcionamento, en coordinación co profesorado especialista, que, de ser necesario, pasará polas aulas para informar das peculiaridades que afecten á súa área.

Os horarios de recreo respectaranse, deixando a posibilidade de que o alumnado estea máis tempo no patio.

b) Actuacións de prevención, hixiene e protección.

Prevención:

O centro educativo non é alleo á situación social e, polo tanto, establecendo un paralelismo coas normas xerais de prevención para calquera cidadán, os obxectivos serán os seguintes:

- Evitar aglomeracións:

- Diseminar as entradas e saídas do alumnado.
- Dispersar as rutas que segue o alumnado para acceder á súa aula.
- Establecer quendas de recreo.
- Dividir o patio para que cada nivel educativo dispoña dunha zona de recreo.
- Regular o acceso aos aseos

- Distancia social:

- Distribuír as mesas nas aulas de tal xeito que exista a maior separación posible entre o alumnado atendendo ao número de alumnos/as por aula e ao espazo dispoñible.
- Evitar situacións de contacto físico.

- Responsabilidade individual:

- O profesorado debe comprometerse a facer un autotest antes de acudir ao centro para evitar ir a traballar con sintomatoloxía compatible coa covid.

- As familias deben adquirir o compromiso firme de non enviar aos seus fillos/as ao colexio se presentan algúns dos síntomas compatibles coa covid, para elo deberán facer un test diario no que comproben a temperatura, a presenza de tose seca, dificultade respiratoria, a perda de olfacto ou gusto, dor muscular, fatiga severa ou diarrea.

Hixiene:

Neste apartado resumimos as accións a levar a cabo para reforzar a hixiene xeral do centro e a adquisición de hábitos e rutinas de responsabilidade individual.

- Hixiene xeral do centro:

- Reforzar o servizo de limpeza aumentando o persoal.
- Realizar desinfeccións dos aseos dúas veces por mañá.
- Facer limpeza de aulas e espazos comúns pola tarde.
- Establecer un control da ventilación correcta e abundante das aulas.
- Desinfección dos elementos de uso común por parte do alumnado.

- Hixiene persoal:

- Facer varias limpeza e desinfección das mans, para o que haberá dispensadores de hidroxel nas aulas e xabón líquido nos baños.

- Adquirir hábitos como tusir ou esbirrar contra o cóbado, evitar tocar a cara o levar obxectos á boca.
- Aprender a manipular correctamente as mascara.

- Rutinas de responsabilidade individual:

- Os usuarios de espazos e elementos comúns deben adquirir a conciencia de que debe recaer sobre eles a desinfección previa ao uso. Para iso haberá elementos de limpeza e desinfección específicos ou ben panos desbotables e xel. Pode parecer unha medida de “descarga de responsabilidade” ou “abandono de funcións”, pero é todo o contrario, supón un exercicio de educación cívica e respecto.
 - Exemplo: antes de usar un ordenador, debo, como usuario, coller un pano con xel e desinfectar o teclado e rato, acción que debo repetir cando finalice o seu uso.
- Limpeza de elementos propios de traballo: cada mestre ou cada alumno ten uns elementos de emprego persoal, como son a mesa de traballo, bolígrafos, etc. É moi saudable interiorizar a limpeza deses elementos de xeito periódico, o que non exime da limpeza que poida facer o persoal de limpeza.
 - Exemplo: a mesa, como espazo de traballo propio, pode ser receptora de gotículas e o xeito de pasar un pano con xel axuda a manter limpa e desinfectada esa zona de contacto case permanente. Como se indica no

parágrafo anterior, isto non elimina a limpeza que poida realizar o persoal de limpeza.

- Facilitar o labor do persoal de limpeza: as nosas accións repercuten no traballo doutras persoas.

Resultaría inadmisibile que o persoal de limpeza teña que colocar antes de limpar, é traballo do alumnado e do profesorado ter as mesas ordenadas, os armarios, deixar as cadeiras levantadas e non deixar cousas polo chan. Deste xeito, o persoal de limpeza pode optimizar o seu tempo de traballo e dedicalo aos labores propios.

- Elementos de limpeza a disposición da comunidade docente:

- Xel: en todas as aulas e espazos comúns
- Xabazón: nos aseos e botiquín.
- Panos desbotables: en todas as aulas, baños e espazos comúns.
- Toallas desinfectantes: nas aulas de educación infantil e aulas especiais (música e EF)
- Solución desinfectante: nas aulas

Protección:

- Uso de máscara:

- Uso obrigatorio para todo o profesorado.
 - Uso obrigatorio para todo o alumnado en zonas comúns e recreos.
 - Uso obrigatorio para todo o alumnado de primaria dentro das aulas. (Deberán traer unha de reposto nunha bolsa ou estoxo) Tamén deben gardala nesa bolsa cando estean no comedor.
 - Os de Infantil tamén é aconsellable que a leven, na medida do posible.
- Pantallas:
- Para aquelas actividades lectivas nas que o emprego de máscara sexa incompatible.
 - Para as tarefas de desinfección e limpeza de baños (o gafas de protección ocular).
- Mamparas:
- Para realizar trámites coas familias instalouse unha no despacho de dirección, administración, secretaría e xefatura de estudos.
 - Nas aulas de PT e AL, nas que se empregarán para a realización de tarefas que o requiran

c) Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.

No mes de marzo a interrupción abrupta das clases presenciais supuxo poñer en marcha en moi pouco tempo toda a maquinaria da aula virtual e a formación

básica de usuarios. Aínda que o resultado foi máis que digno, grazas ao esforzo de profesorado e familias, é necesario comezar o curso 21/22 cunha serie de accións que faciliten o emprego deste recurso, independentemente de que se poidan retomar as sesións virtuais ou non. Deste xeito, se fose necesario volver ao ensino a distancia ou semipresencial, a alumnado tería un maior grao de autonomía para continuar coa súa aprendizaxe.

A formación básica que un alumno/a (ou familia) debe ter para poder ter un mínimo de garantías no caso de ter que realizar docencia non presencial é:

- **Acceso á aula virtual .**
- **Páxina Web do centro.**
 - Xestión da súa **conta de correo electrónico** e funcionalidades básicas da conta -nube, vídeo, documentos- (de 3º a 6º de primaria).
- Consulta de cualificacións e comentarios.
- Envío de **mensaxes por vía interna** da aula virtual.

Por outra banda, as familias deben coñecer e manexar as vías de información e comunicación existentes no centro, que son as seguintes:

- Aplicación **Abalarmóbil**, dende a que poden realizar consultas relacionadas co ámbito académico, solicitar titorías e recibir mensaxes do centro ou profesorado. Existe a posibilidade de crear salas de mensaxería dende as que podería interactuar co profesorado.
- **Correo electrónico:** vía formal para realizar consultas, transmitir información e realizar outro tipo de trámites. A dirección empregada será a corporativa: ceip.castinheiro@edu.xunta.es

- **Teléfono:** comunicación directa e inmediata, 988 42 20 14.

As accións formativas que se levarán a cabo estarán dirixidas polo profesorado titor coa colaboración dos mestres especialistas e o equipo docente de TICs.



d) Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades en grupo de acollida e cohesión.

- Os cambios na forma de relacionarse na sociedade deben chegar, por desgracia, tamén ao colexio.

Nesta volta ás aulas temos que aprender a socializar con distancia, sen contacto físico ou transmitir emocións sen poder mostrar parte das nosas facianas.

- Tanto para mestres como para alumnos supón un cambio enorme na interacción habitual e require dun tratamento específico nas aulas.
- A mímica pode ser unha ferramenta moi útil para substituír accións que implican contacto físico, como unha aperta. O deseño deste tipo de xogos e dinámicas deberían estar presentes nas primeiras sesións e semanas.
- A nivel social é importante que traballemos o tratamento que reciben as persoas contaxiadas. Estar afectado polo virus non debe ser motivo de discriminación, senón de comprensión e empatía, debemos evitar o rexeitamento social dende a empatía, pois calquera nós podemos pasar por esa situación aínda sen ter cometido actos imprudentes. Polo tanto, se temos a mala sorte de que un compañeiro/a contrae a enfermidade, non podemos culpalo nin demonizalo, senón apoiálo e coidalo emocionalmente.

- O mesmo temos que facer coas persoas que presenten síntomas compatibles, tomar precaucións non implica desprezo e rexeitamento, polo que debemos facer actividades de sensibilización neste eido.
- Outro aspecto sobre o que debemos incidir no tratamento transversal do tema é a difusión de bulos e as bromas relacionadas co virus. Temos que formar ao noso alumnado para que non caia en cadeas de transmisión de información que non estea fundamentada e confirmada, estamos nunha época na que se pode ferir a compañeiros/as facendo comentarios en torno ao seu estado de saúde que poden alterar a convivencia no colexio. Sucede o mesmo coas bromas de mal gusto relacionadas co coronavirus, non cabe dúbida de que o emisor seguramente non teña intención ofensiva, pero pode darse o caso de que nenos/as con parentes ou coñecidos afectados/as poidan verse violentados por esta situación, polo que temos que intentar evitalas.
- A perda de liberdade do alumnado é máis que evidente, xa que son moitas as limitacións que se atopará no retorno ao colexio. Será importante transmitir que se trata dunha situación transitoria e que ese esforzo vai en beneficio de todos/as, e como cidadáns debemos cumprir con estas restricións cun único obxectivo: contribuír a frear ao virus e conseguir que todo isto acabe.
- O alumnado necesita ser escoitado, polo que debemos deseñar accións que induzan a que se exprese, a que transmita emocións, opinións, incluso a que aporten solucións, deste xeito podemos facelos partícipes de todas as medidas adoptadas para evitar contaxios.



O CASTIÑEIRO
CEIP DE LAZA